## 2º Bacharelato. Procedemento de reclamación das cualificacións.

➔ Instrución 10/2023 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa pola que se establecen para o curso 2023/24 os prazos e o procedemento para as reclamacións das cualificacións finais no segundo curso de bacharelato ou da decisión de titulación nesta etapa educativa

1. **Revisións das probas de avaliación co profesorado**.
   - Datas de revisións:
     - Convocatoria ordinaria: 16 de maio → Horarios de revisións
     - Convocatoria extraordinaria: 14 de xuño → Horarios de revisións
2. **No caso de que persista o desacordo** coa cualificación final obtida nunha materia ou coa decisión de titulación adoptada o alumnado, de ser maior de idade, ou as súas persoas proxenitoras ou persoa que desempeñe a representación legal, de ser menor de idade, poderán **solicitar por escrito a revisión da devandita cualificación ou decisión no prazo de dous días lectivos**, ou de ser o caso hábiles, contados a partir do día seguinte a aquel en que se produciu a súa comunicación. A reclamación deberá presentarse na secretaría do centro.
   - **Datas de reclamación**:
     - Convocatoria ordinaria: 20 e 21 de maio de 2024
     - Convocatoria extraordinaria: 17 e 18 de xuño de 2024
   - A dirección do centro someterá as reclamacións á consideración do departamento quen dará cumprida resolución motivada.
3. No caso de persistir o desacordo tras o procedemento de revisión no centro o alumnado, de ser maior de idade, ou as súas persoas proxenitoras ou persoa que desempeñe a representación legal, de ser menor de idade, poderán **presentar por escrito á dirección do centro docente no prazo de dous días hábiles a partir do seguinte á comunicación sobre a decisión adoptada, reclamación ante a xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.**

| Convocatoria ordinaria - 2º bacharelato | |
|---|---|
| 8 a 14 de maio | ● Probas de avaliación final ordinarias |
| 15 de maio | ● Avaliación do 3º trimestre e final ordinaria<br>● Publicación de cualificacións en Abalar ás 20:30 aprox. |
| 16 de maio | ● Revisión das probas de avaliación → Horarios de revisións |
| 20 e 21 de maio | ● Prazo para solicitar por escrito a revisión de cualificación ou decisión ao profesorado/departamento |
| 22 de maio<br>(Data límite) | ● Resolución da revisión no centro e comunicación á persoa interesada |
| 23 e 24 de maio | ● Prazo para presentar por escrito á dirección do centro docente reclamación ante a Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades |
| 24 de maio<br>(Data límite) | ● Comunicación a inspección educativa da relación de alumnado que presentou reclamación para elevar á Xefatura Territorial |
| 27 de maio<br>(Data límite) | ● Envío do expediente á Xefatura Territorial (a través de sede electrónica) |
| 4, 5 e 6 de xuño | ● Probas ABAU. Convocatoria ordinaria |

☝🏻**Atención**.

- As reclamacións, por escrito, presentaranse na secretaría do centro (horario de oficina (horario de oficina entre as 9.00 e as 14.00)
- Existe un modelo para tal fin.

⬇️

| Convocatoria extraordinaria - 2º bacharelato | |
|---|---|
| 10 a 12 de xuño | • Probas de avaliación final extraordinarias |
| 13 de xuño | • Avaliación final extraordinaria<br>• Publicación de cualificacións en Abalar ás 20:30 aprox. |
| 14 de xuño | • Revisión das probas de avaliación → Horarios de revisións |
| 17 e 18 de xuño | • Prazo para solicitar por escrito a revisión de cualificación ou decisión ao profesorado/departamento |
| 19 de xuño<br>(Data límite) | • Resolución da revisión no centro e comunicación á persoa interesada |
| 20 e 21 de xuño | • Prazo para presentar por escrito á dirección do centro docente reclamación ante a xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades |
| 21 de xuño<br>(Data límite) | • Comunicación a inspección educativa da relación de alumnado que presentou reclamación para elevar á Xefatura Territorial |
| 24 de xuño<br>(Data límite) | • Envío do expediente á Xefatura Territorial (a través de sede electrónica) |
| 2, 3 e 4 de xullo | • Probas ABAU. Convocatoria extraordinaria |

☝️**Atención**.

- As reclamacións, por escrito, presentaranse na secretaría do centro (horario de oficina entre as 9.00 e as 14.00)
- Existe un modelo para tal fin.